



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS/DÚAS alumnas/os**.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no centro e incluídos no censo correspondente que a partir de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios dos centros de ensino de Mugardos. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos e alumnas que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas no período do 11 de novembro ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumna/as que non se presenten como candidatos, o día 21 de novembro, ás 12:30 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a director/a do centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- As votacións realizaranse o **29** de novembro.

6.- Na papeleta de votación cada elector fará constar **UN NOME** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

7.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Mugardos, 10 de novembro de 2022

Asdo.: Serafín Álvarez Rodríguez
O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORA